

INFORMACIÓN PARA AS BIBLIOTECAS  
PARTICIPANTES NO PROGRAMA LER CONTA  
MOITO 2023



Mediante Orde do 19 de decembro de 2022, da Consellería de Cultura, Educación Formación Profesional e Universidades (DOG núm. 17, do 25 de xaneiro de 2023) establecéronse as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e convocáronse para o ano 2023.

O día 20 de marzo de 2023 publícase o catálogo Ler conta moito 2023 na web <https://rbgalicia.xunta.gal/rbgler/>, co que dá inicio o período no que poden programarse e executarse as actividades.

Para a correcta execución do programa, as bibliotecas ou axencias de lectura públicas participantes no programa Ler conta moito deberán ter en conta o seguinte:

1. PROGRAMACIÓN DAS ACTIVIDADES

Información importante:

As bibliotecas e axencias de lectura públicas que solicitaran as axudas do programa Ler conta moito poden seleccionar e executar actividades desde a data de publicación do catálogo. Desta forma facilítase un período de programación máis amplo, que permitirá a celebración ou conmemoración das datas máis sobranceiras para as bibliotecas e as que conforman o Calendario do Libro e a Lectura 2023.

Así pois, non é preciso agardar a resolución das axudas e ter a condición de beneficiario para programar e realizar actividades. Isto implica que, ao facer a programación, os concellos comprométese a asumir a totalidade do gasto en caso de non resultar beneficiarios da subvención.

As bibliotecas ou axencias de lectura solicitantes deben seleccionar no Catálogo Ler conta moito 2023 as actividades de animación á lectura que van realizar, accedendo ao menú: <https://rbgalicia.xunta.gal/> > *Ler Conta Moito* > *Acceso a Ler conta Moito 2023* > *Programación de actividades* ou ben directamente a través do seguinte enlace:

<https://rbgalicia.xunta.gal/rbgler/solicitudes-subvencion>

O número mínimo de actividades que deben programar é de dúas.

O prazo para facer a selección comezará o 20 de marzo, data de publicación do Catálogo Ler conta moito 2023 ata o 25 de outubro de 2023 (ambas datas incluídas).

As actividades seleccionadas son comunicadas automaticamente á Dirección Xeral de Cultura. Unha vez seleccionadas, serán inmediatamente visibles no calendario de actividades do programa Ler conta moito.

## 2. CUSTO DAS ACTIVIDADES E SUBVENCIÓN

As entidades solicitantes que cumpran as condicións establecidas na orde de convocatoria concederáselles unha subvención en función do número de bibliotecas ou axencias de lectura para as que solicite a axuda e que cumpran os requisitos do artigo 7 da orde.

A relación de entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas publicarase mediante Resolución no Diario Oficial de Galicia.

Este importe deberá empregarse para financiar o 75% do custo de cada unha das actividades, debendo asumir o concello o 25% restante de cada actividade.

Para o pagamento total da axuda concedida o Concello deberá xustificar un gasto mínimo igual ao importe concedido máis o 25% que debe financiar polo concello. De xustificar unha cantidade menor, aboarase o 75% da cantidade xustificada.

Se as actividades seleccionadas teñen un custo superior ao importe subvencionado, o concello comprométese a asumir a parte do gasto que exceda do importe subvencionado.

Se o concello non resulta beneficiario da subvención por non cumprir as condicións da convocatoria, deberá asumir a totalidade do custo das actividades que realice.

## 3. SUSPENSIÓN E MODIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES COMUNICADAS

Unha vez seleccionada unha actividade, a entidade beneficiaria poderá:

- modificar algunha das características comunicadas, tales como datas ou lugar de realización, número de prazas etc.
- suspender temporalmente a realización da actividade. Neste caso, a actividade desaparecerá do calendario, aínda que seguirá figurando como seleccionada pola biblioteca ou axencia. Esta deberá comunicar as novas datas á maior brevidade, sempre con antelación á súa realización.

- substituír a actividade comunicada por unha diferente das que compoñen o catálogo.

Todas estas modificacións pódense facer libremente pola biblioteca ou axencia de lectura, a través do mesmo enlace sinalado no punto 1.

A entidade beneficiaria debe manter actualizada a actividade programada para que se reflecta na axenda de actividades do programa de forma correcta.

#### 4. CONDICIÓN XERAIS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Todo o acompañamento e difusión das actividades do programa Ler conta moito farase en idioma galego segundo as normas ortográficas e morfolóxicas establecidas pola Real Academia Galega.

As actividades deben desenvolverse nas instalacións da biblioteca ou espazos anexos (no caso de compartir edificio), ou ben noutros espazos adecuados sempre que se identifique de forma clara e suficiente a vinculación entre a actividade de promoción da lectura e o servizo bibliotecario. Tamén poderán realizarse actividades a través de canles dixitais, sempre que estean deseñadas para seren programadas deste xeito no catálogo Ler conta moito 2023.

En todas as accións de difusión e/ou actividades complementarias debe facerse mención ao financiamento público, e incluírse a imaxe institucional da Xunta de Galicia e o logotipo do programa.

#### 5. OBRIGAS POSTERIORES Á REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

Unha vez executadas, as entidades beneficiarias deberán confirmar as actividades realizadas no programa de xestión de Ler conta moito, con anterioridade á finalización do prazo de xustificación (15 de novembro de 2023).

Tamén deben cubrir unha pequena enquisa de valoración sobre as actividades.

Así mesmo, no prazo de cinco días desde o remate da actividade, deberán cargar directamente no blog do programa Ler conta moito, dispoñible no portal da Rede de Bibliotecas, unha imaxe que visibilice como foi o desenvolvemento da actividade e un comentario explicativo que a acompañe.

#### 6. DOCUMENTOS DE INTERESE

Co fin de coñecer a opinión das persoas asistentes ás actividades, ponse a disposición de todas as bibliotecas ou axencias de lectura participantes no programa unha

enquisa de satisfacción que se poderá distribuír entre os usuarios ao remate de cada actividade, se se considera oportuno.

Por outro lado, co fin de facer máis claros os termos e condicións de captación e difusión e imaxes e vídeos das actividades, especialmente cando se trate de actividades retransmitidas en *streaming*, facilítase un borrador de acordo de difusión entre a entidade organizadora e a persoa ou empresa que desenvolve a actividade, que poderá ser adaptado a conveniencia das partes.

Para resolver as dúbidas ou incidencias que xurdan en relación con este programa, está dispoñible o correo electrónico [lercontamoito@xunta.gal](mailto:lercontamoito@xunta.gal) e o teléfono 981 957 278.